



REGULAMENTO DE COMPETICIÓN

PREÁMBULO

A Federación Galega de Ximnasia, a partires de agora FGX, de conformidade coas competencias delegadas por a Administración Autonómica, de acordo coa lexislación actual vixente e tal como figura no artigo 5 punto b dos seus Estatutos, ten a facultade de organizar as competicións autonómicas federadas.

A FGX, entre os seus obxectivos, inclúe a práctica dun deporte limpo e san, seguindo a normativa vixente.

TITULO I.- NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN

CAPÍTULO I.- DEFINICIÓN

Art.1 .- De conformidade cos estatutos federativos, a FGX, propón e organiza as competicións deportivas en todas e cada unha das especialidades recoñecidas.

Art. 2.- As Competicións ximnásticas poden ser, por o seu carácter, oficiais e torneos oficializados e recoñecidos como tales, tras solicitude de calquera das entidades afiliadas a propia federación.

Art. 3.-Este regulamento esténdese a todas aquelas competicións oficiais e torneos oficializados, que aparezan no calendario federativo.

CAPÍTULO II.- DAS COMPETICIÓNS OFICIAIS

Art. 4.- As competicións autonómicas oficiais poderán ser:

1. Individuais. Aquelas no que un so deportista é o responsable, a través da súa execución, do resultado da competición.
2. Equipo: Cando dous o mais deportistas, dentro dun mesmo exercicio, cunha execución conxunta, son os responsables do resultado da competición. (parellas, tríos, cuartetos, grupos, conxuntos ... etc.)
3. Equipo/clubs: Cando o resultado da competición ven dado por a suma de

resultados individuais dos ximnastas pertencentes e ese club.

Art.5.- Terán carácter de competicións oficiais nas distintas disciplinas ximnásticas as que seguen:

1. Todos os Campionatos Galegos e/ou nacionais de clasificación autonómica de elite.
2. Todos os Campionatos Galegos e/ou nacionais de clasificación autonómica de base.
3. Todos os Campionatos Galegos de Promoción.
4. Todos os Campionatos Galegos Escolares.
5. Todas as fases provinciais clasificatorias para campionatos galegos.
6. Aqueles outros que se acorden e que, aprobados en Asemblea, figuren no calendario oficial da FGX.

Art.6.- As entidades deportivas, previa petición e baixo a dirección e supervisión da FGX, poderán organizar competicións oficiais, segundo as condicións que figuran neste regulamento, nos Estatutos federativos e demais normas vixentes nese momento.

CAPTÍTULO III.-DEREITOS DE PARTICIPACIÓN.

Art. 7.-Segundo a lexislación actual, os estatutos e regulamentos federativos, para a participación en competición oficial, será preciso estar en posesión da licenza tramitada, en calquera dos estamentos participantes, ante a FGX, para o ano en curso.

Art. 8.- Será responsabilidade dos participantes estar ben preparados para as competicións e probas nas que participen. A posesión da licenza non cubre esta responsabilidade.

Art. 9.- Ao mesmo tempo, os/as participantes, teñen a obriga de coñecer e respectar as regras de competición, as normativas e instrucións dos responsables das mesmas.

Art. 10.- Estarán, tamén, obrigados a coñecer, aceptar e cumprir as normas que figuren no presente regulamento, no regulamento de disciplina da FGX, e aquelas que emanan da propia competición.

Tamén deberán de respectar as instalacións, coas súa propias normas, e o material de competición.

Art. 11.-As persoas físicas que poderán participar serán:

1. Ximnastas
2. Técnicos: Adestradores/as de I, II, III Nivel, Adestradores Federativos niveis I e II, Preparadores/as físicos, Coreógrafos/as. Tamén poderán estar aqueles/as alumnos de prácticas de adestradores de I nivel, sempre acompañados/as dun adestrador de nivel superior.
3. Xuíces/zas.
4. Ademais poderán estar na pista de competición e na de adestramento o persoal federativo e o persoal de organización.

Art. 12.-Todas estas persoas físicas estarán perfectamente identificadas

Art. 13.- As persoas físicas correspondentes aos apartados 1 e 2 deberán inscribirse a través do programa informático posto a súa disposición, sempre coa licenza en vigor e na especialidade a participar, e que cumpran cos requisitos de idade establecidos nas normativas técnicas de cada unha delas, e nos prazos marcados no mesmo e no calendario autonómico,

Art. 14.- Os/as ximnastas deberán de estar sempre acompañados dun técnico. Non se permitirá a presenza de ximnastas, maiores ou menores de idade, nin nos adestramentos nin na competición, sen a supervisión de un técnico inscrito para a mesma.

Art. 15.- Todos os/as ximnastas que participen en competicións de Equipo ou Equipo/club deberán de ter expedida a licenza por o mesmo club.

Art. 16.-Unha vez inscritos, existe a obriga de participación. Non obstante, calquera participantes, poderá darse de baixa da competición ata tres días hábiles antes da data fixada para a mesma, co fin de refacer horarios e orde. Se a ausencia fose sen esa notificación e/ou fóra dos prazos establecidos e sen causa xustificada, poderá dar lugar a sancións, tanto deportivas como económicas.

Art. 17.-Os/as técnicos deberán de acompañar aos seus ximnastas tanto en adestramentos como en competición. Non poderán ser substituídos, en ningún caso, por alumnos/as de prácticas, aínda que estean baixo a súa tutela.

Art. 18.-Serán os únicos que poderán acceder a pista de competición con eles/as.

Art. 19.-Serán, tamén, os únicos que poderán facer as reclamacións que consideren oportunas ante o Comité de Competición.

Art. 20.- Poderán os/as adestradores/as, un por club/escola participantes, ser convocados/as a reunións previas á competición ou durante a mesma, se a organización, FGX, o considera oportuno.

Art. 21.-Poderán ser convocados/as para participar como xuíces/zas, nas diferentes competicións oficiais da FGX, todas aquelas persoas físicas con licenza autonómica por ese estamento e por a especialidade da competición, co seguinte baremo:

1. Campionatos nacionais fase autonómica/Cto. Galego de Base e/ou elite/federado
 - a. Xuíz/a Internacional
 - b. Xuíz/a Nacional ou autonómica Nivel 2
2. Campionatos escolares, promoción ou prebase
 - a. Xuíz/a Internacional
 - b. Xuíz/a Nacional ou autonómica Nivel 2
 - c. Xuíz/a Autonómica nivel 1

Art. 22.-Nalgúns casos, un/unha xuíz/a autonómica nivel 1, poderá puntuar un competicións de rango superior ao establecido, se así se precisase, por necesidades do desenvolvemento da competición.

Art. 23.- O número de xuíces/zas, para cada unha das competicións e das distintas especialidades, virá marcada por as Normativas Técnicas de cada unha delas.

Art. 24.- Os clubs/Escolas poderán optar á participación nas distintas competicións do Calendario Autonómico, en representación individual e/ou equipos, cando estean dados de alta no programa de licenzas.

Art. 25.- En cada competición, un club poderá inscribir nas competicións de Equipo ou Equipo/clubs, un ou varios equipos, se así se permite ou non se fixese referencia a esta situación na Normativa Técnica de cada especialidade.

CAPÍTULO IV.- INSCRICIÓN

Art. 26.- As inscricións a cada competición serán por vía telemática e a través do programa informático posto a disposición para este motivo.

Art. 27.- As inscrición terá un prazo que virá sinalado no propio programa e no calendario autonómico.

Art. 28.- Poderanse inscribir ata dous/dúas ximnastas reservas. A participación destes/as en substitución dun/dunha compañeiro/a virá marcada por a Normativa Técnica correspondente.

Art. 29.- Nas competicións individuais, con clasificación de Equipos/clubs, a substitución por lesión e/ou enfermidade, deberá de ser comunicado de xeito oficial por o club, ata o mesmo día da competición, aportando, sempre, a documentación pertinente, certificado/informe médico.

Art. 30.- Unha vez rematado o prazo de inscrición enviarase aos clubs unha

relación de todos/as os inscritos para verificar e para corrixir erros, se os houberse.

Art. 31.- O incumprimento do prazo de inscrición impedirá a participación de calquera na competición sinalada ou, no caso de ser aceptada, poderá incluír unha sanción económica e sempre terá que ser con cinco días de antelación a data fixada para o desenvolvemento da actividade.

Art. 32.- Unha persoa con licenza por dous estamentos poderá inscribirse en ambos, salvo no caso de xuíces/zas que, de ser nomeados como tales, só poderían participar por ese estamento.

CAPÍTULO V.- CLASIFICACIÓN, TÍTULOS, PREMIOS E TROFEOS

Art. 33.- En todas as competicións do calendario autonómico realizaranse actas finais de resultados de acordo aos formatos da FGX.

1. Nesas actas aparecerán os seguintes datos:
 - a. Nome e Apelidos dos/das ximnastas participantes.
 - b. Club de pertenza
 - c. Notas de Artístico (no seu caso), Dificultade, Execución, Penalizacións e nota final
 - d. Nomes dos/as xuíces/zas participantes.
2. Faranse tantas clasificación como fosen precisas, fases preliminares, finais, etc.
3. As actas serán públicas e publicaranse na WEB da FGX unha vez rematada a actividade.

Art. 34.- Clasificación.

- I. Competicións de especialidades deportivas e categorías con menos de tres ximnastas, clubs ou equipos.
 1. Non haberá campións galegos, individuais e equipos, se, nunha

especialidade a categoría, non compiten, polo menos, tres participantes, pero si haberá clasificación de 1º ou 1º e 2º, que subirán ao podio e recibirán trofeo e/ou medallas segundo corresponda.

2. Neste mesmo caso se a clasificación xeral fose por suma de exercicios e aparellos, so se entregaría pola clasificación xeral e non por aparellos.
3. No resto dos casos entregaríanse os mesmos premios que se non se dera esta circunstancia.
4. Non se farán clasificacións de Equipo/clubs

II. Competición de especialidades deportivas e categorías con, polo menos, tres ximnastas, clubs ou equipos.

1. Si haberá o título de campión galego
2. Se a clasificación xeral fose por suma de exercicios e/ou aparellos entregaránse premios por esa clasificación e tamén por aparellos.
3. Se o resultado destes exercicios individuais fose unha clasificación de Equipo/clubs tamén se entregarán premios por exercicios/aparellos. So se fará e premiará unha única clasificación xeral de Equipo/club, resultado da suma de exercicios individuais.
4. Se a clasificación de Equipo/clubs se fixese por as puntuacións de varias categorías só se entregaría trofeo.

Art. 35.-As clasificacións dos/as ximnastas estableceranse polo que se especifique na normativa técnica de cada especialidade e categoría. Segundo as competicións e participación estableceranse as seguintes normas:

- I. Competicións exclusivamente autonómicas,(aquelas sen campionatos nacionais posteriores)
 1. Clasificación Xeral: Obterase por a participación de ximnastas con licenza por esta federación.
 2. En casos excepcionais podería haber Clasificación Xeral Open, se participasen, previa solicitude e/ou invitación, ximnastas doutras federacións autonómicas.

II. Competicións autonómicas con clasificación aos campionatos nacionais ou os que, sen ser clasificatorios, dan acceso a eses nacionais

1. Clasificación Xeral: Obterase por os resultados de ximnastas de nacionalidade española con licenza por esta federación.
2. Clasificación Xeral Open: Obterase por os resultados de todos/as ximnastas participantes.

- a) Ximnastas de nacionalidade española con licenza por a FGX.
- b) Ximnastas con licenza por outra federación autonómica distinta á FGX
- c) Ximnastas estranxeiros, de países da UE
- d) Ximnastas estranxeiros, de países fóra da UE, con residencia legal en España (NIE)

Nesta derradeira clasificación, open, non haberá entrega por exercicios e/ou aparatos, cando, a suma destes, de lugar a unha clasificación xeral, na que si se darán premios.

No caso se ambas clasificacións, xeral e open, coincidisen nos seus resultados non haberá entrega na clasificación open

Art. 36.- Clasificacións/Premios trofeos

1. Clasificación Xeral. Obterán medalla na competición individual.
2. Clasificación Xeral por exercicios e/ou aparellos: So se entregará medalla.
3. Clasificación Xeral conxuntos, parellas, tríos, cuartetos, so se entregara medallas, incluídos os/as ximnastas reservas, se as houbese
4. Clasificación por equipos /clubs: So se entregará trofeo

Art. 37.- Cerimonias protocolarias

1. Ao remate da competición desfilarán todos/as os participantes na cerimonia protocolaria de entrega de premios.
2. Nalgunhas circunstancias especiais, na cerimonia protocolaria, desfilarán so os/as premiados/as. Sen embargo, aínda non dándose estas circunstancias especiais, na propia normativa da competición, poderase decidir que o desfile final só o fagan os premiados/as

3. O horario de entrega de trofeos virá marcado no horario e na orde da competición.
4. O desfile final farase en roupa deportiva de competición. Os/as ximnastas reservas poderano facer en chándal.

CAPÍTULO VI.- O XURADO DAS COMPETICIÓNS.

Art. 38.- O/a responsable dos/as xuíces/zas de cada especialidade designará os xuíces para a formación de xurados das diferentes competicións a realizar, no número que demanden as normativas técnicas correspondentes.

Art. 39.- Antes da Competición procederase a sortear aos distintos xuíces para puntuar os distintos criterios do exercicio, (Execución, Artístico, Dificultade... etc.)

Art. 40.- En todos os paneis haberá un/ unha Xuíz/a superior. As súas funcións serán as seguintes:

1. Supervisar a competición, formar parte do Comité de Competición, como asesor.
2. Controlar e revisar as notas outorgadas por os demais xuíces/zas do panel.
3. Se houbese un erro grave, tomar as decisión para corrixilo.
4. Supervisar e verificar as actas finais da competición e asinalas antes da entrega de trofeos.
5. Dirixir a reunión de xuíces/zas, xuntamente coa secretaria da federación.
6. Realizar os sorteos para puntuación dos/as distintas xuíces.

Art. 41.- O resto de xuíces/zas serán establecidos e distribuídos polo/a xuíz/a superior tras o sorteo celebrado. As súas funcións e obrigas serán:

1. Puntuar con obxectividade todos os exercicios e de acordo aos códigos de puntuación da FIG e as súas actualizacións vixentes, así como as normativas de competición de cada especialidade.
2. Deberán de ir correctamente uniformadas segundo a normativa vixente.

3. A xustiza deportiva e a ética son principio dun xuízo xusto. Aqueles/as xuíces/as cuxo traballo non se considere axeitado por non demostrar imparcialidade poderán ser excluídos do xurado da competición e, incluso ser suspendidos/as por un tempo determinado.
4. Un/unha xuíz/a con relación familiar de consanguinidade, en primeiro grado, cun/cunha participante, non poderá ser nomeado/a como integrante do xurado. Se por circunstancias, falta de xuíces/zas, non houbese forma de que non participe no mesmo, deberá de ausentarse na categoría na que se producise este feito.

CAPITULO VII.- COMITÉ DE COMPETICIÓN E RECLAMACIÓNS.

Art. 42 .- Comité de Competición.

1. Para todas e cada un dos campionatos nomearase un Comité de Competición, tal como recolle o Regulamento de Disciplina nos Estatutos Federativos. (Título VIII, Capítulo II, Art. 93,94)
2. A composición do mesmo está redactada nos artigos anteriormente citados.
3. Se algún membro do Comité de Competición, titular ou asesores, tivese vinculación con algunha das partes implicadas, ten a obriga de absterse na deliberación e resolución da mesma.
4. Si fose o titular do mesmo, tomaría a súa función un representante federativo presente.
5. Dentro das súas funcións están:
 - a. Resolver aquelas reclamacións que sucedesen dentro do desenvolvemento da competición.
 - b. Dar resposta, nos prazos que marca o regulamento de disciplina, ás citadas reclamacións.

Art. 43.-Reclamacións:

1. So poderán facer reclamación ante o Comité de Competición os adestradores/as responsables dos/as participantes sobre os que se fai.

2. As reclamacións e respostas faranse por escrito.

TITULO II.-ORGANIZACIÓN DAS COMPETICIÓNS

CAPÍTULO I.-ACREDITACIÓNS.

Art. 44.-No desenvolvemento dunha competición, todos/as autorizados a permanecer na zona de competición e adestramento estarán correctamente acreditados e existirán as seguintes acreditacións:

1. Ximnastas
2. Técnicos/as
3. Xuíces/as
4. Alumnos en prácticas
5. Persoal de organización

Art. 45.-A acreditación dos grupos 1, 2 e 3 será a licenza federativa correctamente visible. No caso do grupo 4 ademais da licenza deberán de presentarse ante o persoal federativo para comprobar que cumpran coas condicións como tales, estar en prácticas e estar inscritos/as.

Art. 46.-No caso de persoas que non estean acreditadas correctamente e estean nalgunhas das zonas citadas, serán obrigadas a abandonalas.

Art. 47.-As acreditacións son persoais e intransferibles. Se por algunha circunstancia, algunha persoa levase a credencial autorizada que non lle corresponde, será obrigada a retirarse, podendo ser sancionados/as, tanto o/a portador/a da credencial, como a titular, si se demostrase que foi cedida voluntariamente.

Dos/as ximnastas, responsabilidade da persoa identificada incorrectamente, no caso de adestradores/as, encargarse outro/a técnico/a club. Se por circunstancias non fose posible a organización (FGX) intentará, por todos os medios e entre os presentes, atopar un/unha doutro club, para conseguir que poidan competir.

CAPÍTULO II: ORGANIZACIÓN E DESENROLO DA COMPETICIÓN

Art. 48.- ORGANIZACIÓN

1. A organización das competicións correspóndelle á FGX.
2. A FGX correrá con todos os gastos que ocasione a actividade.
3. A FGX poderá ceder a unha Entidade Deportiva, previa petición por escrito, a coorganización dunha competición. Neste caso a responsabilidade de toda a actividade seguira sendo da propia federación, confirmándose o club/escola como colaborador. Será responsabilidade do club o seguinte:
 - Conseguir as salas e aparellos, dentro das súas posibilidades, mais adecuados para o desenvolvemento da actividade e realizar a súa instalación.
 - Dispoñer do material preciso para a realización da mesma. Se por circunstancias isto non fose posible ou houbera que transportar doutro lugar, será a propia federación a encargada de facelo.
 - Dispoñer do persoal auxiliar necesario para a boa marcha da competición.

Art. 49.-Desenrolo da Competición.

Art. 50.- A FGX realizará o horario da Competición e a orde de paso de cadanseu/súa participante que estará a disposición de todos/as na WEB e será enviado por correo electrónico con anterioridade.

Neste horario fixarase a orde de adestramentos oficiais, se os houbese, para as diferentes especialidades dos diferentes campionatos.

Art. 51.- No caso de especialidades onde se utilice música esta debe de adaptar ao formato previstos e enviaranse por o medio fixado.

Adicionalmente todos os participantes deberán levar dúas copias das mesmas nun soporte que sexa adecuado para a súa utilización, CD, memoria flash, etc.

Art. 52.-Roupa de Competición.

1. Todos/as ximnastas participantes deberán de competir cun vestiario acorde cos diferentes códigos de puntuación e normativas técnicas.
2. A FGX autoriza a publicidade, tanto na roupa de competición como adestramento.

Art. 53.- Dereitos de imaxe.

1. A FGX ten a competencia de explotación da imaxe deportiva nas súas competicións.
2. A FGX é propietaria da explotación e organización dos campionatos oficiais que se disputen na Comunidade Autónoma de Galicia, agás as competicións da RFEG, cedidas para a súa organización.
3. Coa inscrición, o/a federado/a, cede a FGX todos os dereitos de explotación das imaxes obtidas no interior dos recintos e/ou pavillóns das actividades ximnásticas de competencia da FGX, o que autorizan a través da subscripción da licenza federativa.
4. As persoas acreditadas poderán realizar toma de imaxes, vídeos, sempre e só dos seus deportistas, e para uso estritamente persoal e privado. O uso indebido das imaxes obtidas en competición, publicación en redes sociais, Webs, sen a correspondente autorización, cesión das mesmas por parte dos/as deportistas para tal fin, será responsabilidade do/a tomador/a ou do/a titular da web ou rede social, con todas as consecuencias legais que se poidan derivar de tal feito.

Art. 54.-Os aparellos de competición

1. Todos os aparellos de competición das diferentes especialidades debe de satisfacer as esixencias do "Libro de Medidas de Aparellos" en vigor da FIG. Estes aparellos deben de estar validados por a FIG e/ou a RFEG.
2. Toda modificación ou adaptación das especificacións deberá de quedar

reflectida na Normativa Técnica correspondente para cada competición ou categoría.

TÍTULO III.- AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO I.- XERALIDADES

Art. 55.- As instalacións deportivas para as competicións oficiais debe de cumprir unha serie de condicións necesarias para o correcto desenvolvementos da propia actividade. Serán:

1. Garantir a seguridade de todos os participantes
2. Garantir a hixiene e saúde dos mesmos.
3. Cumprir todas as normas das distintas institucións públicas, administración estatal, administración autonómica e/ou administración municipal.

Art. 56.- Deberán de dispor de plans de emerxencia, de acordo coas normas vixentes de autoprotección.

Art. 57.- Nalgúns casos, se isto fose preciso, disporán dun servizo de seguridade.

Art. 58.- Dentro do posible e sobre todo ante especialidade de especial risco, disporán dun servizo sanitario conformado como mínimo de ambulancia, técnico e un enfermeiro.

CAPÍTULO II.- SALAS DE ADESTRAMENTO E COMPETICIÓN

Art. 59.- Recoméndase un número mínimo de asentos, destinados aos espectadores e en xeral, para as competicións. En todas as especialidades será de 700

Art. 60.- Destinarase un espazo exclusivo para os deportistas non participantes, nese intre, sen que isto merme a capacidade total dos espectadores.

Art. 61.- Proxima a sala de competición deberá de estar a sala de adestramento, perfectamente comunicada.

Art. 62.- Altura do pavillón

1. Artística Masculina, Artística Feminina, Aerobic, Ximnasia Estética: A sala deberá ten unha altura mínima de 7 metros
2. Trampolín e Ximnasia Rítmica: A altura mínima será de 9 metros.

O número de aparellos de competición e adestramento serán aqueles que marquen as Normativas Técnicas e tamén a da propia competición, sempre limitados pola propia instalación.

TÍTULO IV.- DOS TORNEOS OFICIALIZADOS

CAPÍTULO I.- DEFINICIÓN

Art. 63.- Enténdese como torneo oficializado aquel, que previa petición dunha entidade deportiva inscrita na FGX, acada o amparo da federación e aparece no seu calendario como tal. En ningún momento será competición oficial con todas os beneficios que iso comporta.

CAPÍTULO II.-OBTENCIÓN DA OFICIALIDADE

Art. 64.- Para obter a oficialidade dun torneo, parte competitiva, deberán de cumprirse os seguintes requisitos:

1. Solicitude dirixa a FGX en documento oficial (WEB federativa), dentro dos prazos marcados.
2. Enviar a Normativa Técnica da competición obxecto da solicitude.
3. Data de celebración, lugar, tipo de competición, individual ou equipos, categorías, etc.)
4. Convenio asinado por o representante da entidade (WEB federativa).
5. Nalgúns casos, a FGX poderá oficializar algunha actividade anexa ao torneo, sempre que se solicite e xustifique.

Art. 65.- Taxas de Inscripción

1.-Participantes

1. Nas competicións de ámbito autonómico, so con participantes galegos, non se poderán cobrar taxas de inscrición.
2. Nas competicións nacionais, con participantes do resto de España, poderanse cobrar taxas de inscrición, sempre que estas non superen o dobre da cantidade fixada por a propia federación nas súas internacionais.
3. Nas competicións internacionais, poderanse cobrar taxas. Estas non poderán superar o triplo do importe fixado por a propia federación nas súas propias.
4. Esta taxa será por ximnasta, equipo e/ou conxunto, nunca por exercicio.

2.-Espectadores.

2.1.-Norma Xeral. O acceso de espectadores a estas actividades será totalmente gratuíto

- a. No seu caso, a entidade organizadora, que pide a oficialidade, poderá solicitar á FGX, a imposición dun importe de acceso (entrada), mediante escrito, expoñendo as razóns para tal feito.
- b. De ser concedido, deberá cumprir con todas as obrigas fiscais vixentes

Art. 66.- A concesión de oficialidade terá como consecuencia unha serie de obrigas, para a Entidade Deportiva, que se fixan:

1. Ter seguro de responsabilidade civil, segundo demanda a Lei do Deporte Galicia e estar dado de alta na Axencia Española de Protección de Datos de acordo a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, BOE nº 294 de 6 de decembro de 2018 e ter asinado o contrato de provedor coa FGX.
2. Que as normativas se adecúen ás propias da F.G.X., R.F.E.G. e F.I.G., sen modificacións algunhas.
3. Que a competición estea aberta a todos os clubs inscritos no rexistro federativo sen ningún tipo de restrición, mais que as propias da competición por cuestións de tempo e horarios. O club/asociación organizador/a poderá

invitar a calquera outro/s de fóra de Galicia que desexe, pero sempre coas mesmas restricións que para os clubs galegos.

4. Fixará uns prazos de inscrición e comprometerase a respectar estritamente a orde de chegada das inscricións en caso de límite nas mesmas. Deberán presentar, asemade, perante a FGX, rexistro de entrada das mesmas xustificando dita orde.
5. Comprometerase a comprobar a que todos/as os/as participantes deberán de ter licenza federativa en vigor, no caso de ximnastas de fóra de España, ademais deberán de vir acompañadas dunha certificación da compañía de seguro da súa cobertura internacional. Se esta cobertura non fose así deberá de contratar un seguro de accidentes privado para tal fin .
6. Copia das inscricións á Federación 15 días antes da celebración da competición para así poder comprobar que o punto anterior se cumpre.
7. Enviar copia das actas asinadas polos/as xuíces/zas, para incorporalas ao rexistro de resultados das competicións da federación.
8. Responsabilidade da organización do evento corresponde ao club ou escola organizadora. A F.G.X. poderá participar como asesora, previa petición, nunca de xeito activo no desenvolvemento da mesma.
9. Conseguir as salas e aparellos, dentro das súas posibilidades, mais adecuados para o desenvolvemento da actividade e realizar a súa instalación. Asemade deberá dispoñer do persoal auxiliar e técnico necesario para a boa marcha da competición.
10. Pór, na medida do posible, un médico oficial, ou, polo menos, unha ambulancia, sobre todo en disciplinas como a ximnasia acrobática, trampolín e ximnasia artística, a disposición da competición.
11. Deberá de pórse en contacto cos/coas xuíces/zas para así concretar os termos da súa actuación, (compensación económica, dietas, quilometraje, etc.). O custo total da competición, instalación, material, xuíces, trofeos, etc. correrá a cargo do club/escola organizador/a. En ningún caso a Federación emitirá ou pagará facturas e/ou recibos ocasionados polo desenvolvemento da citada competición.

12. A Entidade Deportiva deberá ter en conta as obrigas tributarias, de acordo a lexislación vixente en cada momento.

Art. 67.- A FGX comprométese, como consecuencia desta oficialidade, a:

1. Asesorar, naquelas cuestións técnicas solicitadas, a entidade deportiva.
2. Nomear de oficio ou a petición ós/ás xuíces da competición.
3. Facilitar o modelo de documentos necesarios para o seu desenvolvemento.
4. Publicar na súa WEB os resultados da mesma.
5. Permitir o uso de logos federativos.

Art. 68.- O incumprimento de calquera das normas citadas, a realizar antes da competición, impedirá a concesión da oficialidade ou a retirada da mesma se xa se lles dese. Se o incumprimento se tivera lugar durante a mesma ou despois, dar lugar a imposibilidade de solicitala ou que lle fora concedida durante o ano seguinte.

Art. 69.-A concesión de oficialidades poderá ser revogada por a Xunta Directiva e por un período de tempo determinado, toda a temporada, seis meses, etc., se así o estima oportuno e por circunstancias diversas.

Art. 70.- Todas as competicións de torneos oficializados, ademais das propias, deberán de cumprir todas as normas que figuran para as competicións oficiais.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Todas as referencias realizadas no presente regulamento a persoas físicas faise por igual a homes e mulleres, promulgando unha igualdade de xénero. A FGX avoga por unha linguaxe inclusiva e favorecendo a igualdade.

SEGUNDA.- Todas as persoas inscritas e nomeadas para unha competición, excluindo aos/as deportistas, deberán estar en posesión do correspondente certificado de ausencia de delitos sexuais emitido no ano en curso da competición.

TERCEIRA.- A FGX rexeita calquera tipo de abuso en calquera das súas actividades.

CUARTA.- Para aquela situacións non recollidas, no presente regulamento, deberá de acudirse a normativas de rango superior, Estatutos e lexislación vixente.

DISPOSICIÓN FINAL.- O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral.